

Creación

Poesía

Iago CASTRO BUERGER

Enfermos

nas pucharcas reflectían os diamantes
o deserto xa fóra
nas gándaras cantaron e bailaron o ritual
da auga por vez primeira

nas pucharcas reflectían os diamantes
e arredor delas deixaron de ser
nómades
construíron pallozas durante catro días
e esqueceron os ventos

nos diamantes reflectían os pulsos
coa vitalidade de quen non escolle morte.
contemplábanos devagar
silenciosamente
en círculos

así foi como naceu a epidemia da sede

Extinción

Ventába-lo perigo.
Coa cadencia máxica do vinilo
pugnaches en avivar lumes vellos.

A túa morada foi daquela a dos ausentes
e procurando a raíz
sen aire quedou a terra.

Chegada trala relleira
os códices amosáronche os rituais da pedra:
cabo das caivancas choraches polo que non ten nome.

Medráronche rápido branquísimos caninos
e a túa memoria perdeu pra sempre o futuro.

Tras un cristal,
recuperada a esencia,
non te decataches de que ías pra morta.

Así foi como o último libro perdeu as tapas
primeiro. Logo
das voces que o habitaban quedou
o recordo das cancións,
lixerais adaptacións populares que esmoreceron
tanto pola xordeira como pola pouca demanda de romaría.
De autores nada se soubo: especúlase coas letras
en ámbar das baleas fundadoras,
cos misteriosos descubridores e habitantes
dos grandes mares,
da escrita automática e inconsciente
da resistencia que delata suicidios institucionais,
ou simplemente
da ausencia que deixa o vento
cando ninguén o sente.
O último foron os nomes, as palabras todas
que os investigadores documentan en espiral éxodo
cara á linguaxe liberada.

sen teito

As deficiencias
de equilibrio
de moitos dos presentes propiciou unha asemblea.
As taras da evolución humana debatéronse
as taras físicas
con evidentes queixas dos gordos sen amor
dos que non escoitan o asubío do vento veloz
e dos que sofren vertixes, furacáns.

Os contorsionistas sen público e mailos pícaros
das aldeas abandonadas
ofreceron os seus servizos e un bo adestramento
mais ante as anatómicas dificultades
e a posible división
escisión
e outros males coñecidos entre os debedores do banco mundial
alí presentes
decantámonos por anular o acordado
de vivir nas árbores dos boscos frondosos
como unha comunidade de proscritos tradicional.

Emprendemos a viaxe entón onde únicas chegan as palabras:
non importan tempos nin lugares, só marés de música escarlata.